

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a úa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS RUEIRAS E AMBULANTES.

ARTIGO 1º. – NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público local, así como industrias na rúa e ambulantes.

ARTIGO 2º. – FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

ARTIGO 3º. – SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

ARTIGO 4º. – RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. – COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

<i>CONCEPTO</i>	<i>(€/M² OU FRACCIÓN/DÍA)</i>
Postos de froita, rosquiñas, pasteis, e semellantes	5.10
Postos de churreira, polbeira, comidas, bebidas, xeados, etc.	12.88
Postos de quincalla, xoguetes, louzas, obxecto de ferro ou madeira, roupa, e semellantes	6.30
Tómbolas, barracas, casetas de tiro, tiövivo, coches de choque, e semellantes	7.72
Espectáculos ambulantes, circos, e semellantes	0.63
Postos de feiras organizadas	12.85
Autorización para venda ó brazo de globos, barquiños, etc.	7.72

ARTIGO 6º. – BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7º. – PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

O período impositivo é por día. O devengo da taxa prodúcese no momento de solicitala correspondente licenza.

ARTIGO 8º.—NORMAS DE XESTIÓN.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O suxeito pasivo deberá efectuar o ingreso correspondente no momento de presentala solicitude de licenza ou autorización para que esta sexa admitida a trámite. En ausencia de solicitude, o suxeito pasivo deberá efectuar dito ingreso na data de inicio da utilización ou aproveitamento, elo sen perxucio das actuacións que procedan en orde á restitución da legalidade.

- Coa solicitude, deberá aportar os documentos precisos para poder resolver (plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal).
- O ingreso da autoliquidación non causará dereito algún e non faculta ó interesado para realizar os aproveitamentos, que só poderán levarse a cabo cando o Concello conceda a licenza ou autorización correspondente.
- Unha vez tramitado o expediente, practicaranse os aboamentos ou esixiranse as diferenzas que procedan.
- Autorizada a utilización ou aproveitamento, entenderase prorrogado automaticamente, ata que a baixa sexa solicitada polo interesado. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.
- Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo a utilización ou aproveitamento non se leve finalmente a cabo, o Concello procederá a devolución da taxa correspondente.

Outras normas especiais de xestión.—Coas autorizacións para instalación de circos e outros espectáculos ambulantes con animais, esixirase unha fianza por importe de 300,00 €, para responder da correcta limpeza das superficies que tivesen ocupadas.

Esta fianza será devolta inmediatamente previo informe favorable da Policía Local. Asímesmo poderá esixirse esta fianza naqueles outros casos que se estime necesaria.

Dadas as especiais características do aproveitamento especial que se contempla na presente Ordenanza, e para o caso de estancia prolongada, poderá establecerse unha avaliación global mediante convenio cos interesados.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PORTADAS, ESCAPARATES E VITRINAS,**ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.**

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa por instalación de portadas, escaparates e vitrinas.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.